

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia favorable na seguridade e vialidade invernal, o mellorarse o trazado dunha estrada con problemas frecuentes de neve e xeo.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e catro de maio de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de construción do acondicionamento da estrada LU-701 A Fonsagrada (LU-530)-límite provincia de Asturias. Clave: LU/06/020.01.

Santiago de Compostela, vinte e catro de maio de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de maio de 2007 pola que se autorizan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas a distancia no IES San Clemente de Santiago de Compostela e as de bacharelato de adultos a distancia semipresencial nos centros públicos espectícos de educación e promoción de adultos, nas modalidades de bacharelato que se indican.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de edu-

cación, recoñecen á nosa comunidade as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, de acordo cos preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no seu artigo 2.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 5.2º que o sistema educativo facilitará ás persoas adultas a súa incorporación ás distintas ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe con outras responsabilidades e actividades.

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no seu artigo 15 que as ensinanzas correspondentes a primeiro e segundo curso de bacharelato, reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo deixarán de impartirse, respectivamente, no curso académico 2008-2009 e 2009-2010.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, no artigo 11 establece que as ensinanzas de adultos poderán ser impartidas tanto en centros específicos de educación e promoción de adultos como nos centros ordinarios de ensino non universitario que autorice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por Orde do 26 de abril de 2007, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, esta consellería, de conformidade co establecido no Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que lle atribúe as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, e tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia con apoio de titorías telemáticas e a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e de ciencias da natureza e da saúde, no IES San Clemente de Santiago de Compostela.

Segundo.-Autorizar as ensinanzas de bacharelato de adultos a distancia semipresencial nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e de ciencias da natureza e da saúde nos centros públicos específicos de educación e promoción de adultos Eduardo Pondal, da Coruña; Santa María de Caranza, de Ferrol; Albeiros, de Lugo; e nos centros públicos específicos de educación e promoción de adultos de Ourense, Pontevedra e Artes e Oficios de Vigo.

Terceiro.-Como consecuencia do anterior, modifícanse as ensinanzas dos devanditos centros segundo figuran no anexo a esta orde, e modifícase o anexo da Orde do 8 de maio de 2002 pola que se regula a autorización de ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos e insti-

tutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Autorízase a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptaren as medidas necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2007

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia	Centro	Concello	Código	Ensinanzas
A Coruña	IES San Clemente	Santiago de Compostela	15021482	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial) Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade a distancia) Bacharelato para adultos a distancia con apoio de titorías telemáticas, e a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e ciencias da natureza e da saúde
A Coruña	Centro EPA Eduardo Pondal	A Coruña	15025621	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial) Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade a distancia) Bacharelato para adultos a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e ciencias da natureza e da saúde Formación para a obtención de certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral Actividades de formación sociocultural
A Coruña	Centro EPA Santa María de Caranza	Ferrol	15025751	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial) Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade a distancia) Bacharelato para adultos a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e ciencias da natureza e da saúde Formación para a obtención de certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral Actividades de formación sociocultural
Lugo	Centro EPA Albeiros	Lugo	27601509	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial) Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade a distancia) Bacharelato para adultos a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e ciencias da natureza e da saúde Formación para a obtención de certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral Actividades de formación sociocultural
Ourense	Centro EPA Ourense	Ourense	32015581	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial) Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade a distancia) Bacharelato para adultos a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e ciencias da natureza e da saúde Formación para a obtención de certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral Actividades de formación sociocultural

Provincia	Centro	Concello	Código	Ensinanzas
Pontevedra	Centro EPA Pontevedra	Pontevedra	36018872	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial) Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade a distancia) Bacharelato para adultos a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e ciencias da natureza e da saúde Formación para a obtención de certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral Actividades de formación sociocultural
Pontevedra	Centro EPA Artes e Oficios	Vigo	36018884	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial) Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel III (modalidade a distancia) Bacharelato para adultos a distancia semipresencial, nas modalidades de humanidades e ciencias sociais e ciencias da natureza e da saúde Formación para a obtención de certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral Actividades de formación sociocultural

Orde do 24 de maio de 2007 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2005-2006 convocados pola Orde do 15 de febreiro de 2007.

A Orde do 15 de febreiro de 2007 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2005-2006, establece as bases e o procedemento para a súa concesión.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección dos premios extraordinarios e a correspondente proposta da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios, esta conselleira

DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de formación específica de grao superior, corresponden-

tes ao curso 2005-2006, ao alumnado que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Contra esta orde poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Familia profesional	DNI	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
Actividades agrarias	76998283-X	Hermida Comesaña, Manuel Rodrigo	CIPF A Granxa (Ponteareas-Pontevedra)	732 €
Actividades físicas e deportivas	34272434-L	Prieto Díaz, Patricia	IES Rfo Cabe (Monforte de Lemos-Lugo)	732 €
Administración	35578061-M	Rodríguez Pérez, Elena María	CPR Esica (Vigo-Pontevedra)	732 €
Comercio e marketing	44479699-E	Rodríguez Godoy, Patricia	IES Portovello (Ourense-Ourense)	732 €
Comunicación, imaxe e son	39456785-D	Fernandez Vacas, Antonio	CPR Marcote (Vigo-Pontevedra)	732 €
Edificación e obra civil	34990858-S	Varela Fernández, Olalla	CIPF A Farixa (Ourense-Ourense)	732 €